

*Fonte: 2021\_ Contas anuais*

## **Período medio de pagamento**

Indica o tempo medio que a entidade tarda en pagar aos seus acredores derivados da execución do orzamento.

Segundo se establece no Real Decreto 635/ 2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, o período de pago non pode superar os 30 días.

Tal como figura na información remitida á Intervención Xeral da Xunta de Galicia, o período medio de pago da Universidade de Vigo no **exercicio 2021** foi de **7,6 días**.